



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística**

**ASUNTO:** INFORME previo á redacción do **Proxecto Básico e de Execución e de Seguridade e Saúde de Reordenación da Rúa de Clara Campoamor e rotondas e espazos libres adxacentes, e Dirección Facultativa das Obras e Coordinación de Seguridade e Saúde.**

**INFORME:**

**1. Necesidade de contratar estes traballos a unha empresa externa.**

A inclusión desta obra e da redacción previa do correspondente proxecto na EDUSI leva aparelhada a necesidade de contratar cunha asistencia técnica externa, ante a imposibilidade de que estas tarefas se poidan realizar por persoal deste Servizo á vista das actuais tarefas encomendadas de impulso, control e seguimento dos diferentes expedientes de planeamento e xestión encomendados desde a Dirección da Área de Urbanismo e a Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais.

A redacción do proxecto e a correspondente dirección facultativa das obras realizarase para un ámbito aproximado de 25.000 m<sup>2</sup> seguindo as determinacións do Prego Técnico que se elabora ao efecto.

**2. Estimación dos honorarios.**

Para a estimación dos honorarios de redacción do proxecto considérase que hai que ter en conta o orzamento das obras estimado en función da superficie a reurbanizar.

Así, estimado o orzamento das obras en 1.000.000 €, os honorarios de redacción do proxecto e da dirección facultativa das execución das obras (que incluírán levantamento topográfico e todos e cada un dos diferentes documentos que o compoñen, tal e como se especifica no Prego de Prescricións Técnicas) estímense no 10% do orzamento de execución material, seguindo baremos orientativos de honorarios dos colexios profesionais e ofertas presentadas para a realización de traballos profesionais asimilables. Destes honorarios, o 60% corresponden a elaboración dos documentos da fase de elaboración do proxecto, e o 40% restante á fase correspondente á execución das obras, tal e como se detalla no dito Prego.

Os honorarios estímense pois en:  $1.000.000 \text{ €} \times 10\% = 100.000 \text{ €}$

A esta cantidade será necesario engadirlle o IVE correspondente:

$100.000 \text{ €} + 21\% \text{IVE} = 100.000 + 21.000 = 121.000 \text{ €}$

Debe entenderse que se inclúen nestes honorarios todas as tramitacións colexiais, e a confección dos documentos completos e formatos necesarios, correspondentes a cada unha das diferentes fases da tramitación administrativa dos documentos.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2018

Asdo.: Henrique Seoane Prado  
Arquitecto. Xefe do Servizo